



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha operario/a de servizos múltiples (oficial de 1.ª, condutor/a de tractor)

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES (OFICIAL DE 1.ª, CONDUTOR/A DE TRACTOR), PARA A COBERTURA TEMPORAL DUNHA PRAZA VACANTE E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000772

EXPEDIENTE DE ORIXE: 2026/E001/000008

ANTECEDENTES:

Visto o expediente núm. 2026/E001/000008, tramitado para a contratación laboral temporal dun/dunha operario/a de servizos múltiples (oficial de 1.ª, condutor/a de tractor), para a cobertura provisional dunha praza vacante e a creación dunha bolsa de emprego.

Considerando, entre outra documentación, a seguinte:

Providencia de inicio e xustificación da contratación.

Informe de Secretaría.

Informe de Intervención.

Informe de custos salariais.

Bases reguladoras.

No uso das atribucións que me confire a lexislación de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha operario/a de servizos múltiples (oficial de 1.ª, condutor/a de tractor), para a cobertura provisional dunha praza vacante e a creación dunha bolsa de emprego, que se transcriben:

“BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES (OFICIAL DE 1ª, CONDUTOR/A TRACTOR) PARA A COBERTURA TEMPORAL DUNHA PRAZA VACANTE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases regular o proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha operario/a de servizos múltiples (oficial de 1.ª, condutor/a de tractor), pertencente ao grupo IV, Técnicos Auxiliares, **mediante contrato de substitución para cobertura por vacante**, para a cobertura temporal da praza vacante prevista na Relación de Postos de Traballo do Concello de Cee, durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, de conformidade co previsto no artigo 15.3 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A contratación manterase ata a incorporación da persoa que obteña a praza con carácter definitivo, a amortización da mesma ou a concorrencia de calquera outra causa legal de extinción do contrato.

Así mesmo, constituirase unha bolsa de emprego coas persoas aspirantes que superen o proceso selectivo e non resulten seleccionadas, coa finalidade de atender futuras necesidades de contratación laboral temporal para postos de iguais ou similares características, de conformidade coa normativa vixente e co establecido nas presentes bases.

A integración na bolsa de emprego non xerará, por si mesma, dereito ningún á contratación nin relación xurídica algunha co Concello de Cee, constituíndo unicamente un instrumento para efectuar os chamamentos segundo a orde de prelación resultante do proceso selectivo e as necesidades do servizo.

O proceso selectivo rexerase polo disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; no Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro; e demais normativa laboral e administrativa que resulte de aplicación.

SEGUNDA.- MODALIDADE E CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN.

O contrato de traballo terá as seguintes características:

- Modalidade: persoal laboral temporal.
- Categoría profesional: Operario/a de servizos múltiples (oficial de 1ª, condutor/a tractor).
- Grupo profesional: IV Técnicos Auxiliares.
- Xornada: completa.
- Duración: ata a cobertura definitiva da praza, amortización da mesma ou desaparición da necesidade que motiva a contratación.
- Horario: adaptarse ás necesidades do servizo, podendo realizarse en xornada de mañá e/ou tarde.
- Retribucións: As retribucións son as establecidas conforme ao convenio colectivo: PERSOAL LABORAL CONCELLO CEE, publicado no BOE/DOG, de 28/10/2002 e modificacións posteriores.

TERCEIRA.- FUNCIÓNS.

As funcións principais do posto serán as establecidas na Relación de Postos de Traballo do Concello de Cee para o posto OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES (OFICIAL DE 1ª, CONDUTOR/A TRACTOR), código 01.01.07:

- Labores de oficios en xeral: albanelería, fontanería, carpintería, xardinería e electricidade non especializados e baixo supervisión.
- Labores de mantemento das instalacións e redes de servizos municipais (vías públicas, sumidoiros, alumado, etc.).
- Labores de mantemento das dependencias municipais e mobiliario urbano.
- Condución e manexo dos vehículos municipais e diversa maquinaria de obra pública para os que estea autorizado.
- Conducir os tractores e outros vehículos municipais e maquinaria que se lle encomende.
- Coidar e manter a adecuada limpeza e posta a punto dos tractores e demais vehículos municipais (lavado, engraxamento, cambio de aceites e filtros, etc.).
- Carga, descarga e transporte de materiais.
- Desbroce, limpeza de praias, rego e demais operacións que se poidan realizar co tractor e os seus accesorios.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

CUARTA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán mantelos durante todo o proceso:

1. Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación á libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.
2. Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
3. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.
4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
5. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/84 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
6. Estar en posesión do título de Graduado escolar, FP 1º grado, graduado en ESO ou equivalente.
No caso de titulación obtidas no estranxeiro deberá ter concedida a correspondente homologación.
7. Acreditar segundo establece o real decreto 818/2009 de 8 de maio de 2009 polo que se aproba o regulamento xeral de condutores:

Estar en posesión do permiso de condución B si a data do mesmo é anterior ao oito de decembro de 2009.

Estar en posesión do permiso de condución C1+E si a data do mesmo é posterior ao oito de decembro de 2009.

8. No suposto de estar exento de realizar a proba de galego. Acreditación de estar en posesión do CELGA 2 ou ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou nivel equivalente.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade segundo a normativa vixente

QUINTA: Presentación de instancias.

As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas dirixiranse á Señora Alcadesa do Concello de Cee e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de dez (10) días hábiles a partir do seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia no que foron publicadas as bases específicas.

A publicación nos medios sinalados non excluírá o emprego doutros medios de comunicación social complementarios e opcionais para obter unha maior difusión.

Nas instancias os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos e achegarán inescusamente os documentos que se relacionan:

- a. Solicitud nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.
- b. Segundo establece o real decreto 818/2009 de 8 de maio de 2009 polo que se aproba o regulamento xeral de condutores:
 - Acreditar estar en posesión do permiso de condución B si a data do mesmo é anterior ao oito de decembro de 2009.
 - Acreditar estar en posesión do permiso de condución C1+E si a data do mesmo é posterior ao oito de decembro de 2009.
- c. Titulación exixida no punto quinto das bases. (Graduado escolar, FP 1º grado, graduado en ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.)
- d. Título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2 ou equivalente. No caso de non acreditalo realizarase unha proba de galego.
- e. Documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

Coa presentación da solicitude (Anexo I) autorízase ao Concello de Cee a realizar as consultas e comprobacións necesarias para verificar os datos de identidade.

A tal efecto os Tribunais poderán requirir informe, e no seu caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración Laboral, sanitaria ou dos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Sociais.

A documentación poderá presentarse en copia simple, sen prexuízo de que poida requirirse posteriormente a súa compulsa ou exhibición dos orixinais.

SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E NORMAS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará a Resolución pola que declarará aprobada a lista PROVISIONAL de persoas admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión, que se fará pública no taboleiro de anuncios sito na Sede electrónica desta entidade.

As persoas aspirantes excluídos/as e os/as que non figuren na relación de admitidos/as e excluídos/as, disporán de un prazo de 5 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación, aos efectos de emenda das causas de exclusión ou para advertir dos erros que, no seu caso, se tivera derivado da súa omisión na mesma. As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a súa exclusión ou non alegasen omisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non presentaren reclamacións dentro do prazo, a lista provisional de admitidos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo, a Alcaldía aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Nesta resolución designarase aos membros do tribunal, a data, lugar e hora na que se citará ao tribunal para a súa primeira sesión (constitutiva) así como o inicio da primeira proba do proceso selectivo. Esta resolución xunto coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as se fará pública no taboleiro de anuncios sito na Sede electrónica desta entidade.

As persoas aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo os casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal. Para a admisión ao proceso selectivo deberán ser identificados/as mediante DNI ou documento equivalente.

A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética e iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra A.

Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requirir en calquera momento das persoas aspirantes que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos exixidos pola presente convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propor a súa exclusión á Alcaldía, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas polo aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas, aos efectos procedentes

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía. Os seus integrantes deberán ser funcionarios/as ou persoal laboral fixo ó servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados da mesma forma que os titulares.

A pertenza aos órganos de selección realizarase a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica, non formará parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 36.4/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, dos seus suplentes, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que se estimen pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas respectivas especialidades técnicas.

Así mesmo, os Tribunais poderán valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios, cuxa designación deberá comunicarse á Alcaldía, que haberá de autorizar o número de persoal auxiliar proposto.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos.

De tódalas reunións que faga o tribunal, o secretario redactará acta.

INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso selectivo ao amparo da lexislación vixente

OITAVA.- SISTEMA SELECTIVO.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

1. Fase de concurso

A puntuación máxima desta fase será de tres (3) puntos.

Valoraranse os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional. Máximo 3 puntos.

- Por servizos prestados en postos similares en Administracións Públicas: 0,20 puntos por mes completo.
- Por servizos prestados en postos similares en empresas privadas: 0,05 puntos por mes completo.

A experiencia acreditarase mediante certificados de servizos prestados, contratos de traballo e informe de vida laboral.

2. Fase de oposición.

A fase de oposición terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

A puntuación máxima será de sete (7) puntos, sendo necesario obter un mínimo de tres puntos e medio (3,5) para superala.

Consistirá nunha ou varias probas prácticas relacionadas co manexo do tractor, uso de apeiros, mantemento básico, condución e demais funcións do posto.

As probas poderán versar sobre:

- Manexo e condución do tractor municipal e da maquinaria adscrita ao servizo.
- Acoplamento e utilización de apeiros,
- Desbroce e limpeza,
- Carga e descarga de materiais,

O tribunal terá plena liberdade para determinar o contido concreto das probas e os criterios de valoración.

3. Proba de coñecemento de lingua galega. ELIMINATORIA

Proba de coñecemento do idioma galego a realizar nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditaran estar en posesión do título acreditativo de coñecemento da lingua galega.

Ao obxecto desta proba poderá incorporarse o persoal especializado que considerara necesario o tribunal.

4. Proba de coñecemento do castelán para quen non posúa a nacionalidade española.

Con carácter previo á realización das probas da fase de oposición, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e da súa orixe non se desprenda o coñecemento do castelán deberán acreditar o coñecemento do mesmo mediante a realización de unha proba, na que comprobará que posúen un nivel adecuado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua.

O contido desta proba axustarase ao disposto no Real Decreto 1137/2002, de 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español coma lingua estranxeira, polo que se establecen diplomas acreditativos do coñecemento do español coma lingua estranxeira. A proba cualificarase de apto ou non apto, sendo necesario obter a valoración de apto ou apta para pasar a realizar as probas da fase de oposición.

O lugar e data da realización desta proba determinarase mediante resolución de Alcaldía. Quedan eximidos de realizar esta proba quen estea en posesión do diploma de español, nivel C2, coma lingua estranxeira, establecido polo no Real Decreto 1137/2002 ou do certificado de aptitude de español para estranxeiros expedido polas escolas Oficiais de Idiomas ou acrediten estar en posesión de unha titulación académica española expedida polo órgano oficial competente en territorio español.

NOVENA.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

As persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único.

Deberán acudir provistas do DNI ou documento identificativo equivalente.

A non comparecencia determinará a exclusión do proceso, salvo causa de forza maior debidamente acreditada.

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición.

En caso de empate aplicarase a seguinte orde:

1. Maior puntuación na fase de oposición.
2. Maior puntuación na experiencia profesional.
3. Sorteo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- BOLSA DE EMPREGO.**1. Constitución da bolsa**

As persoas aspirantes que superen o proceso selectivo e non resulten propostas para a contratación integrarán unha bolsa de emprego para futuras contratacións laborais temporais no posto de Operario/a de Servizos Múltiples (Oficial de 1.^a, Conductor/a Tractor), sempre que autorizasen expresamente a súa inclusión mediante a correspondente solicitude de participación (Anexo I).

A bolsa constituirase por orde decrecente da puntuación final obtida no proceso selectivo.

A inclusión na bolsa terá carácter voluntario e non xerará dereito adquirido á contratación nin relación laboral algunha co Concello de Cee, tendo como única finalidade posibilitar a cobertura temporal de necesidades do servizo.

2. Vixencia

A bolsa permanecerá vixente ata que se constitúa unha nova bolsa para o mesmo posto, ata o seu esgotamento ou, en todo caso, por un prazo máximo de TRES (3) anos desde a súa constitución, salvo acordo motivado da Alcaldía que dispoña a súa extinción anticipada.

3. Chamamentos

As contratacións efectuaranse seguindo rigorosamente a orde de prelación da bolsa.

Os chamamentos realizaranse, con carácter xeral, mediante chamada telefónica aos números facilitados pola persoa aspirante na súa solicitude. Complementariamente poderá empregarse o correo electrónico ou calquera outro medio que permita deixar constancia da comunicación.

De cada chamamento deixarase constancia no expediente administrativo mediante dilixencia ou anotación, na que se fará constar, cando menos:

- Data e hora de cada intento de contacto.
- Medio empregado.
- Resultado obtido.
- Identidade da persoa que realizou o chamamento.

Realizaranse, como mínimo, dous intentos de contacto telefónico, separados entre si por un intervalo mínimo de dúas horas e dentro da mesma xornada laboral.

Se non fose posible contactar coa persoa aspirante, remitiráselle comunicación ao enderezo de correo electrónico facilitado, concedéndolle un prazo de vinte e catro (24) horas para aceptar ou rexeitar a oferta.

Transcorrido dito prazo sen resposta, entenderase que renuncia ao chamamento, cos efectos previstos nestas bases.

Nos supostos de urxencia debidamente motivada, cando resulte imprescindible cubrir o posto de maneira inmediata, poderá reducirse o prazo anterior, circunstancia que deberá quedar debidamente xustificada no expediente.

4. Obriga de manter actualizados os datos

As persoas integrantes da bolsa deberán comunicar ao Concello calquera modificación dos seus datos de contacto, especialmente dos números de teléfono e enderezos de correo electrónico.

A falta de actualización destes datos non xerará responsabilidade algunha para o Concello cando non resulte posible efectuar correctamente o chamamento.

5. Renuncias xustificadas

Consideraranse causas xustificadas para renunciar temporalmente a un chamamento, sempre que se acrediten documentalmente no prazo concedido:

- a. Incapacidade temporal.
- b. Maternidade, paternidade, adopción, acollemento ou situacións legalmente equiparables.
- c. Embarazo de risco.
- d. Coidado de fillos menores ou de familiares dependentes, nos supostos legalmente previstos.
- e. Estar prestando servizos noutra Administración Pública ou entidade privada mediante contrato de traballo ou nomeamento en vigor.
- f. Calquera outra causa de forza maior debidamente acreditada e apreciada polo órgano competente.

Nestes casos a persoa aspirante manterá a posición que ocupe na bolsa e poderá volver ser chamada unha vez desparecida a causa que motivou a renuncia.

6. Exclusión da bolsa

Serán causas de exclusión definitiva da bolsa:

- a. A renuncia inxustificada a unha oferta de contratación.
- b. A falta de resposta ao chamamento dentro do prazo establecido, sen causa debidamente xustificada.
- c. A non incorporación ao posto na data indicada, salvo causa de forza maior debidamente acreditada.
- d. A perda sobrevida dalgún dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo.
- e. A falsidade na documentación ou nos datos achegados.
- f. A solicitude expresa da persoa interesada de causar baixa na bolsa.

7. Reincorporación á bolsa

Finalizada a contratación temporal, a persoa contratada reincorporarase á bolsa na mesma posición que ocupaba inicialmente, sempre que a extinción da relación laboral se producise por finalización da causa que motivou a contratación.

Non procederá a reincorporación cando a extinción derive de sanción disciplinaria firme, dimisión voluntaria sen causa xustificada ou perda dos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

8. Xestión e incidencias

A xestión da bolsa de emprego corresponderá á Alcaldía, ou ao órgano no que delegue as competencias en materia de persoal.

As incidencias que poidan xurdir durante o funcionamento da bolsa serán resoltas mediante resolución motivada do órgano competente, de conformidade co establecido nas presentes bases e na normativa de aplicación, garantindo en todo momento os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e seguridade xurídica.

DÉCIMO SEGUNDA.- CONTRATACIÓN.

A persoa aspirante proposta deberá presentar, no prazo de cinco días hábiles:

- DNI.
- Titulación.
- Permiso de condución.
- Número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificado médico acreditativo da capacidade funcional.
- Declaración responsable de non estar incurso en incompatibilidade.

No caso de non presentar a documentación ou non reunir os requisitos esixidos, decaerá no seu dereito á contratación.

DÉCIMO TERCEIRA.- RECURSOS.

Contra as presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas poderá interpoñerse recurso nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE.

Toda a información relacionada co proceso selectivo publicárase no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e, con carácter meramente informativo, na páxina web municipal.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS.

Estas bases, así como cantos actos administrativos deriven da súa execución, están suxeitas ao protocolo municipal de protección de datos de carácter persoal nos procesos de selección de persoal e xestión de listas de contratación.

Esta convocatoria de oferta de emprego público é un proceso voluntario e competitivo que esixe transparencia. Por iso é necesaria a publicación das identidades das persoas que participan, así como dos resultados obtidos. O Concello procurará que a exposición dos datos de identificación de persoas e os seus resultados no proceso selectivo cumpra co establecido pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno, e o Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais.

De igual maneira, é un proceso administrativo ao cal as persoas que nel toman parte teñen dereito de acceso. Do desenvolvemento deste dereito hase de entender que a documentación persoal nel achegada (exames, certificacións, méritos...) pode ser accesible para outras persoas aspirantes conforme establezan os procedementos municipais establecidos para o efecto.

Coa presentación da solicitude, o Concello de Cee poderá realizar as consultas e comprobacións necesarias para a xestión do proceso nos rexistros oficiais de titulacións universitarias, titulacións non universitarias, servizos prestados no Concello de Cee e cantas fagan referencia a requisitos e méritos. Tamén poderá realizar as comprobacións necesarias coas entidades que corresponda en relación coa experiencia profesional acreditada.

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello de Cee cuxa finalidade é a selección de persoal e a provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Por tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolver a convocatoria na que participa. O tratamento dos datos contidos nela, está baseado no art. 6.1.c e no 6.1.e) “o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento” e “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos”. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados á Deputación Provincial de A Coruña e na páxina web do Concello de Cee. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos datos persoais ou a opoñerse ao tratamento, no caso de que se dean os requisitos establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, o Concello de Cee, no enderezo en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) ou a través do rexistro electrónico do Concello de Cee.

Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello : <https://cee.gal/es/privacidade/>

Asinado:

Alcaldesa do Concello de Cee:

D^a Margarita Lamela Louzán.

ANEXO I

1.- POSTO DE TRABALLO: OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES (OFICIAL DE 1ª, CONDUTOR/A TRACTOR)	
2.- DATOS PERSOAIS:	
NOME	DNI
DOMICILIO	
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
O asinante en relación ao concurso-oposición a que se refire a presente instancia declara: - Que son certos os datos proporcionados nesta solicitude. - Que ten coñecemento e acepta na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo. - Que cumpre coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos no apartado: Requisitos dos aspirantes. - Que, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude. ACHEGO os seguintes documentos – base 4- (marcar os aportados): ☐ Anexo I de solicitude de participación no proceso selectivo. ☐ Estar en posesión do permiso de condución que resulte exixible conforme ao Real decreto 818/2009 Estar en posesión do permiso de condución B si a data do mesmo é anterior ao oito de decembro de 2009. Estar en posesión do permiso de condución C1+E si a data do mesmo é posterior ao oito de decembro de 2009. ☐ Certificación de aptitude do Celga 2 ou superior, ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente. Autorizo ao Concello de Cee a relacionarse electronicamente en todos os trámites deste procedemento non suxeitos a publicación, que precisen de comunicación ou notificación individual (Marcar cun "X". De non marcar ningunha das celas entenderase que o opositor non autoriza a comunicación electrónica). ☐ SI ☐ NON Inclusión na bolsa de emprego ☐ AUTORIZO expresamente a miña inclusión e permanencia na bolsa de emprego derivada deste proceso selectivo durante o seu período de vixencia. ☐ NON AUTORIZO a miña inclusión na bolsa de emprego. En _____ a ____ de _____ de _____ Asdo.	

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD), infórmaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados a correspondente área / departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a mesma.

Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades como Órganos da Administración do Estado, a Órganos da Comunidade Autónoma, a outros Órganos da Administración Local e aos/as interesados/as para levar a cabo a Xestión Administrativa que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 c) “o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento” e/ou no art. 6.1e) do RXPd: “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos” conferidos a este Concello.

Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: **Concello de Cee** con enderezo en **Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña)** o a través de la sede electrónica <https://sede.cee.gal>.

Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello.

Podrá consultar información adicional y detallada sobre esta actividad de tratamiento, accediendo al siguiente enlace <https://cee.gal/es/privacidade/>

ANEXO II**TEMARIO DE REFERENCIA PARA AS PROBAS PRÁCTICAS**

- Coñecementos básicos de prevención de riscos laborais.
- Normas básicas de seguridade e saúde laboral.
- Manexo e mantemento básico de tractores e maquinaria municipal.
- Desbroce e limpeza de vías e espazos públicos.
- Carga, descarga e transporte de materiais.
- Coñecementos básicos de mantemento de vehículos e maquinaria.
- Uso de apeiros e accesorios de tractor.”

Enlace de consulta/descarga:

CVD: UASFVbpudEoUss39jZXA

https://sede.cee.gal/sxc/es/informacion/verificacion_documentos/

SEGUNDO.- Disponer a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Cee, para os efectos de publicidade.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, con indicación expresa dos recursos que procedan, e dar conta dela ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

En CEE, a 17 de Xullo de 2026

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

2026/4871